

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	13 de xullo de 2020
Duración	Desde as 21:05 ata as 21:35 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
5 [REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
5 [REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión agradecendo e transmitindo os seus parabéns a todas as forzas políticas polo seu traballo durante a xornada electoral dando unha gran lección de democracia, pedindo que conste en acta o seo recoñecemento ao persoal municipal que traballou na preparación, organización e desenvolvemento do proceso das eleccións, así como tamén a aquelas persoas que estiveron nas mesas electorais e que desempeñaron unha labor moi importante durante a xornada; e, grazas a labor de todos/as, a xornada electoral foi un éxito a pesares da complexidade existente con motivo do COVID-19. Por último, transmite o seu parabén aos partidos políticos que acadaron representación no Parlamento Galego.

A Continuación procédese á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 2312/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS PARA APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/R/2020 (MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 36/2020)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto, toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen informa que estamos ante o expediente de crédito extraordinario nº 1/R/2020, por importe de 98.897,79 €, financiado mediante superávit – remanente líquido de Tesourería, tramitado para a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2/2020 e que se tratará no seguinte punto deste orde do día, relativo ao pagamento dunha serie de facturas pendentes de tramitación. Di que neste expediente procédese a dar unha serie de altas no Orzamento para atender o pagamento das facturas, e que suman a cantidade de 98.998,80 €.

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para manifestar que lle parece lóxico que este expediente vaia con cargo ao remanente, ademais o informe da Intervención non pon ningún tipo de reparo, polo que o seu grupo votará a favor da súa aprobación, aínda que con certa reserva, porque este crédito extraordinario que se vai a habilitar responde a razóns que non comparte, pero resérvase a explicalas no seguinte punto da orde do día.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, engadindo que o motivo dado polo grupo de goberno en relación ao atraso no pagamento das facturas obxecto deste expediente é achacar aos provedores a súa errónea tramitación na presentación das contas, entendendo que o feito de que se tarde tanto en pagarlles supón unha serie de prexuízos aos mesmos, polo que deberíase de comunicar a estes a forma idónea para a presentación das súas facturas e así evitar erros e posibilitar o pagamento en prazo; a parte do anterior, o seu grupo vai a votar a favor deste punto.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen considera que as débedas hai que pagalas e, por iso, vai a votar a favor da aprobación deste expediente de crédito extraordinario.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o expediente de crédito extraordinario nº 1/R/2020, por importe de 98.897,79 euros, financiado mediante superávit - remanente líquido de tesourería, incoado, por Providencia da Alcaldía de 01/07/2020, ante a urxente e inaprazable necesidade, segundo se xustifica na Memoria do Concelleiro delegado de Facenda de 01/07/2020, de tramitar a aprobación e pagamento do recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2/2020 por importe total de 98.998,80 euros (98.897,79 € + I.V.E. : 101,01€).

Visto que o devandito expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

Visto o informe emitido pola Sra. Interventora municipal con data 01/07/2020.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda, asinado o 01/07/2020.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o 06/07/2020.

Visto o debatido nesta sesión e de conformidade co disposto no artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 35 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario nº 1/R/2020 (modificación orzamentaria nº 36/2020) financiado con superávit -remanente líquido de Tesourería- e co seguinte detalle:

Orzamento de gastos: Aplicacións do orzamento de gastos que se dotan de crédito extraordinario, creadas co subconcepto 90, por un total de 98.897,79 euros:

- 132.221.90
 - Descrición: "Subministracións. Seguridade. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 32,91 €
- 132.227.90
 - Descrición: "Traballos realizados por outras empresas e profesionais. Seguridade. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 494,50 €
- 135.221.90
 - Descrición: "Subministracións. Protección Civil. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 55,08 €



- 135.226.90
 - Descrición: "Gastos diversos. Protección Civil. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 670,19 €
- 136.214.90
 - Descrición: "Reparación elementos transporte. Incendios. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 379,32 €
- 136.221.90
 - Descrición: "Subministracións. Incendios. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 705,69 €
- 151.221.90
 - Descrición: "Subministracións. Urbanismo. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 218,16 €
- 160.227.90
 - Descrición: "Traballos realizados por outras empresas e profesionais. Rede sumidoiros. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 1.180,36 €
- 161.221.90
 - Descrición: "Subministracións. Servizo augas. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 481,00 €
- 162.1.214.90
 - Descrición: "Reparación elementos transporte. Recollida de residuos. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 1.513,15 €
- 162.1.227.90
 - Descrición: "Traballos realizados por outras empresas e profesionais. Recollida de residuos. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 396,00 €
- 165.214.90
 - Descrición: "Reparación elementos transporte. Alumeado. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 1.082,07 €
- 165.221.90
 - Descrición: "Subministracións. Alumeado. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 16.304,36 €
- 171.227.90
 - Descrición: "Traballos realizados por outras empresas e profesionais. Parques e xardíns. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 2.359,50 €
- 231.0.221.90
 - Descrición: "Subministracións. Servizos sociais xerais. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 452,47 €
- 231.1.226.90
 - Descrición: "Gastos diversos. Sectores poboación. Recoñecemento de crédito".



- Importe: 7.342,91 €
- 311.227.90
 - Descrición: "Traballos realizados por outras empresas e profesionais. Protección salubridade pública. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 270,00 €
- 323.1.625.90
 - Descrición: "Inv. Novo. Mobiliario e aparellos. Educación Básica. Recoñecemento de crédito". Importe: 3.708,76 €
- 330.203.90
 - Descrición: "Aluguer maquinaria, instalac. e útiles. Cultura. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 1.361,25 €
- 330.220.90
 - Descrición: "Material oficina. Cultura. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 39,75 €
- 330.221.90
 - Descrición: "Subministracións. Cultura. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 251,68 €
- 330.226.90
 - Descrición: "Gastos diversos. Cultura. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 7.396,30 €
- 330.227.90
 - Descrición: "Traballos realizados por outras empresas e profesionais. Cultura. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 3.282,02 €
- 338.226.90
 - Descrición: "Gastos diversos. Festexos populares. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 1.223,21 €
- 340.213.90
 - Descrición: "Reparación maquinaria, instalac. e útiles. Deportes. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 644,37 €
- 340.221.90
 - Descrición: "Subministracións. Deportes. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 51,84 €
- 340.226.90
 - Descrición: "Gastos diversos. Deportes. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 3.711,68 €
- 340.227.90
 - Descrición: "Traballos realizados por outras empresas e profesionais. Deportes. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 2.227,65 €
- 430.226.90
 - Descrición: "Gastos diversos. Promoción comercial. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 1.990,15 €
- 431.2.213.90
 - Descrición: "Reparación maquinaria, instalac. e útiles. Comercio interior. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 121,00 €



- 431.2.221.90
 - Descrición: "Subministracións. Comercio interior. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 691,79 €
- 431.2.632.90
 - Descrición: "Inv. Reposición edificios e outras construcións. Comercio interior. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 2.861,65 €
- 432.226.90
 - Descrición: "Gastos diversos. Turismo. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 163,56 €
- 432.227.90
 - Descrición: "Traballos realizados por outras empresas e profesionais. Turismo. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 605,00 €
- 450.0.221.90
 - Descrición: "Subministracións. Vías públicas. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 304,44 €
- 450.0.227.90
 - Descrición: "Traballos realizados por outras empresas e profesionais. Vías públicas. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 13.083,97 €
- 912.221.90
 - Descrición: "Subministracións. Órganos de goberno. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 115,99 €
- 912.226.90
 - Descrición: "Gastos diversos. Órganos de goberno. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 2.729,79 €
- 920.0.220.90
 - Descrición: "Material oficina. Administración Xeral. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 437,64 €
- 920.0.221.90
 - Descrición: "Subministracións. Administración Xeral. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 249,50 €
- 920.0.222.90
 - Descrición: "Comunicacións. Administración Xeral. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 2.752,45 €
- 920.0.224.90
 - Descrición: "Primas de seguros. Administración Xeral. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 6.462,50 €
- 920.0.226.90
 - Descrición: "Gastos diversos. Administración Xeral. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 4.116,08 €





- 924.1.226.90
 - Descrición: "Gastos diversos. Xuventude. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 4.212,45 €
- 927.227.90
 - Descrición: "Traballos realizados por outras empresas e profesionais. Informática. Recoñecemento de crédito".
 - Importe: 163,65 €

Orzamento de ingresos:

Concepto.....: 870.00

Recurso financeiro....: *Remanente Liquido de Tesourería.*

Importe.....: 98.897,79 €

Segundo.- Que este expediente de modificación de crédito aprobado inicialmente se expoña ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e nos artigos 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o devandito prazo non se presentaran reclamacións.

Expediente 2311/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN Á APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS E ORDENACIÓN DE PAGAMENTOS DE FACTURAS INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 2/2020

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 19

En contra: 0

Abstencións: 2

O Sr. Presidente concede a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, **Sr. Blanco Carracedo**, quen explica que neste asunto propónse a aprobación do expediente 2/2020, onde se recollen as relacións de facturas pendentes de tramitación e pagamento por culpa exclusiva dos provedores, aclarando que dende o departamento de Intervención trátase de axudar, na medida do posible, dando información sobre o procedemento para a presentación destas, pero o que non pode facer o Concello é controlar se o provedor se preocupa, o que si é o noso deber e pagar ditas facturas, por iso tramítase este expediente, por ser a forma máis rápida para facelo.

Intervén o voceiro do grupo do Partido Socialista, **Sr. López Bueno**, observando que o expediente inclúe un informe de Intervención emitindo reparos suspensivos por mor da ausencia de procesos de contratación para determinados gastos, algo moi concorrente, deixando constancia da incapacidade do grupo de goberno de sacar adiante os procedementos segundo manda a normativa; sen embargo, traslada o voto a favor da aprobación do expediente a tratar porque a incompetencia non a pode pagar os provedores do Concello, facendo fincapé de que se adopten as medidas para evitar este tipo de reparos que se suceden con moita asiduidade, debéndolles dar vergoña por traer ao Pleno este tipo de expedientes, cando se poden solucionar

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 329W9X5T2SZR6Y4KDNZ9CCF | Corrección: <https://aesirada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 13



cunha boa xestión e seguindo os procedementos establecidos, tales como o cumprimento medio de pagamento.

A voceira do grupo municipal de MOVETE, **Sra. Blanco Casais**, intervén para sumarse ao dito polo voceiro do grupo socialista, sendo a causa da abstención do seu grupo cando se proceda á votación. Entende que os reparos suspensivos emitidos pola Intervención son causa da falta do bo facer do grupo de goberno, pero aos provedores hai que pagarlles, entón non van a votar a favor, pero tampouco en contra.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Sra. Camba Castro** para trasladar que o feito da existencia de reparos suspensivos ao expediente a aprobar lle tira para a atrás, pero as débedas hai que pagalas e os provedores non teñen a culpa, entón vai a votar a favor.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor dos grupos do Partido Popular, Partido Socialista e Mixto (BNG), e abstención de MOVETE, o seguinte **ACORDO**:

Visto o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2020, incoado por Providencia da Alcaldía de 01/07/2020 co obxecto de aprobar o recoñecemento das obrigas e posterior pagamento dunha serie de gastos realizados en exercicios anteriores e non tramitados ao non terse presentado as facturas nas anualidades correspondentes, segundo se detalla na memoria do concelleiro delegado,

Visto que, a falta de crédito adecuado e suficiente constituíu motivo para formular reparo pola Intervención, en virtude do disposto no artigo 216 2. a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, segundo informe emitido pola Sra. Interventora con data 01/07/2020.

Visto que a discrepancia producida deberá ser resolta polo Pleno, con carácter previo á aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, tal e como preceptúa o artigo 15 do R. Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. [<<... corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos: a) se baseen na insuficiencia ou na inadecuación de crédito...>>]

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 01/07/2020.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 06/07/2020.

Visto o debatido nesta sesión, e de conformidade co disposto no artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990 do 20 de abril,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Resolver as discrepancias co órgano interventor, levantando o reparo formulado, xa que, conxuntamente ao expediente de recoñecemento extraxudicial nº 2/2020, estase a tramitar o expediente de crédito extraordinario nº 1/R/2020 a fin de habilitar crédito adecuado e suficiente para a aprobación e pagamento dos correspondentes gastos.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento das obrigas e a ordenación dos pagamentos das facturas incluídas no expediente nº 2/2020 de recoñecemento extraxudicial de créditos (expediente 2311/2020) por un total de 98.998,80 euros a favor dos acredores e nas contías individualizadas que se recollen no Anexo I, co seguinte resumo:

- Importe orzamentario: 98.897,79 €
- I.V.E.: 101,01 €

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 329W9X5TZSZRGY4KDNZ9CCF | Corrección: <https://aesirada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 13



- Total recoñecemento: 98.998,80 €
- Retencións IRPF: 92,96 €
- Líquido a percibir: 98.905,84 €

A eficacia deste recoñecemento extraxudicial queda supeditada á aprobación definitiva do expediente de crédito extraordinario nº 1/R/2020.

Expediente 2272/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2//2020 (MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 35/2020)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto, toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, o cal di que estamos ante un expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado por baixas de crédito para levar a cabo o Plan Reactiva A Estrada, en aplicación de gastos do orzamento prorrogado en vigor, cuxa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, ante a urxente e inaprazable necesidade de paliar o impacto económico e social causado pola pandemia que estamos a sufrir.

O fin principal deste expediente é a adopción de medidas en relación ao COVID-19, acadar unha reactivación económica e social con actividades de esparcemento, así como outras actuacións para garantir a seguridade dos cidadáns.

Aclara que na Memoria xustificativa que consta no expediente recóllese a relación de cada unha das aplicacións do crédito extraordinario e as do suplemento, e as baixas de crédito de onde son obtidos os fondos por un importe de 452.000,00 €.

O **Sr. López Bueno**, voceiro do grupo socialista, para dicir que considera que na Memoria xustificativa debería xustificarse o por que leva o nome de “Plan Reactiva A Estrada”, xa que o recollido no expediente non se corresponde moito con ese nome, xa que deses 452,000 €, 113,954 € van para a Alameda, 5.000 € para o canon da Praia Fluvial, 50.000 € para o anexo do Teatro..., e co apelidos do COVID-19 tan só hai 142.000 € (en concepto de seguridade, tal e como se aclarou na previa Comisión Informativa), 80.000 € para estímulo comercial e 50.000 € para axudas directas no ámbito comercial; ao anterior quere engadir unha curiosidade, a cal é que a partida de animación na rúa pasa de ter 3.000 € no Orzamento de 2019 a ter 80.000 €, preguntando onde se van a empregar eses oitenta mil euros.

Continúa manifestando que considera este Plan como raquíctico, porque o Sr. Alcalde anunciara unha mobilización de catro millóns de euros para soportar esta situación económica derivada do COVID-19, pero lendo as declaracións feitas á prensa o día 22 de maio pasado afirmando que o Concello gastara 300.000 euros e vendo esta modificación de crédito, pensa que hai que ter cara para haber afirmado nos xornais esa mobilización, porque non é certo. O seu grupo fixo unha valoración da que resultou que, como moito, o gasto COVID-19 sería medio millón de euros e, á vista deste expediente, parece que acertaron bastante.

Continúa dicindo que o grupo de goberno con esta manobra pretende raptar o Orzamento de 2020, sendo incapaces de cumprir as obrigas legais para sacar un Orzamento por ano, o que lles debería de dar vergoña, sobre todo cando teñen maioría absoluta. Polo manifestado, pensa que o grupo de goberno debe de reflexionar, por non considerar admisible que a estas datas non se teña un Orzamento pechado, impedindo así á oposición facer a súa labor de fiscalización e aos veciños saber como quedará o Orzamento para o ano 2020, clara imaxe da incompetencia dun goberno.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 329W9X5TZS2RGT4KDNZ9CCF | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 13

(a continuación o Sr. López Bueno mostra un audio, non apreciando ben o contido do mesmo).

O Sr. Alcalde lle parece inadecuado utilizar medios que non sexan a súa propia palabra.

Replica o **Sr. López Bueno** que fará as intervencións que considera adecuadas .

O Sr. Alcalde aclara que ten que moderar e controlar o desenvolvemento da sesión plenaria, evitando que o Sr. López Bueno non faga o ridículo, recomendándolle que nas intervencións utilice a palabra, sen embargo ten liberdade de facelo como queira.

O Sr López Bueno, referíndose ao audio mostrado, aclara que trátase dunhas declaracións de Feijó, pendido que faga unha extrapolación de que “un goberno que é incapaz de sacar adiante uns orzamentos tamén é incapaz de gobernar”.

De acordo co manifestado anteriormente e, a pesares de estar en desacordo co contido deste expediente, o seu grupo vai a votar a favor da súa aprobación porque iso non é excluínate de que sexan tomadas outras medidas no futuro, animando ao grupo de goberno para que debata coa oposición ás súas propostas e que levan meses sobre a mesa, pregando que os acordos aos que se cheguen sexan cumpridos.

Por último quere tender a man para colaborar co goberno en saír desta crise económica e social que temos por diante.

Intervén a voceira de MOVETE, **Dna. Mar Blanco**, considerando que este expediente poderíase haber traído moito antes a Pleno e así poderíanse haber consensuado accións eficaces para empezar a paliar os efectos do COVID-19. Tamén entende que a contía que finalmente vai destinada a loitar contra a crise por culpa da pandemia é insuficiente, debéndose valorar o apoio ás empresas e novos emprendedores, incrementar a partida de promoción económica e reorientar as axudas sociais a familias que o están pasando mal.

Traslada o seu voto a favor da aprobación do expediente que estamos a tratar, esperando que se teña o compromiso de consensuar o destino deses cartos integrados nuns epígrafes amplos e pouco concretos, ademais de que se teñan en conta as propostas formuladas polos grupos da oposición.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Sra. Camba Castro**, trasladando o seu voto a favor do asunto que se está a tratar, aínda que ve insuficiente o diñeiro destinado á loita contra a crise provocada polo COVID-19 e de que deberíase haber consolidado antes. Lembra que o seu grupo propuxo no seu momento unha reunión do Consello Económico e Social para adoptar medida en conxunto con todos os axentes implicados, descoñecendo os motivos polos que se ignorou dita petición.

Continúa dicindo que vota de menos un orzamento que beneficie as políticas sociais, entendendo que moitas das solucións non van a vir por parte do Concello, porque unha crise tan ampla supera o que un Concello pode facer, pero dende a nosa postura teremos que facer todo o posible para mellorar a actual situación, agardando que a Xunta de Galicia tome nota e todo o que poida traer para á Estrada en materia social, industrial, etc... será benvido e axudará moito para paliar a crise.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o expediente, incoado por Providencia da Alcaldía de 01/07/2020, de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 2/A/2020 financiado mediante baixas de crédito en aplicacións de gastos do orzamento prorrogado en vigor, cuxa dotación



se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, ante a urxente e inaprazable necesidade (segundo se xustifica na Memoria do Concelleiro delegado de Facenda de data 01/07/2020) de paliar o impacto económico e social causado pola pandemia que estamos a sufrir.

Visto que o nomeado expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal con data 01/07/2020.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión celebrada o 06/07/2020.

Visto o debatido nesta sesión, e de conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 35 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 2/A/2020 (modificación orzamentaria nº 35/2020) financiado mediante baixas de crédito, por un total de 452.000,00 euros, e co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do orzamento de gastos que se dotan de crédito extraordinario (332.000,00 euros):

- 312.632.00
 - Descrición: “Inv. Reposición. Edificios e outras construc. Centros de Saúde”.
 - Importe: 1.046,00 €
- 151.610.00
 - Descrición: “Inv. Reposición. Alameda municipal (liquidación)”.
 - Importe: 113.954,00 €
- 132.625.00
 - Descrición: “Investimento novo. Mobiliario e aparellos. Seguridade”.
 - Importe: 12.000,00 €
- 337.209.00
 - Descrición: “Instalacións de ocupación tempo libre. Canon e outros. Praia Fluvial”.
 - Importe: 25.000,00 €
- 330.639.00
 - Descrición: “Inv. Reposición. Acondicionamento terreos e instalacións anexas ao Teatro. Cultura”.
 - Importe: 50.000,00 €
- 439.226.02
 - Descrición: “Publicidade e propaganda. Actuacións sectoriais de impulso ao comercio, turismo, pequenas e medianas empresas derivadas do COVID-19”.
 - Importe: 5.000,00 €
- 439.226.99
 - Descrición: “Gastos diversos. Actuacións sectoriais de impulso ao comercio, turismo, pequenas e medianas empresas derivadas do COVID-19”.
 - Importe: 5.000,00 €
- 439.227.99
 - Descrición: “Traballos outras empresas. Actuacións sectoriais de impulso ao comercio, turismo, pequenas e medianas empresas derivadas do COVID-19”.



- Importe: 70.000,00 €
- 439.489.00
 - Descrición: “Subvencións directas. Dinamización económica COVID-19”
 - Importe: 50.000,00 €
- 2.- Aplicacións do orzamento de gastos que se dota de suplementos de crédito (120.000,00 euros):
 - 132.623.00
 - Descrición: “Investimento novo. Maquinaria e instalacións. Semáforos. Seguridade” .
 - Importe: 34.000,00 €
 - 132.632.00
 - Descrición: “Investimento reposición. Edificios e outras construcións. Seguridade”.
 - Importe: 6.000,00 €
 - 330.226.14
 - Descrición: “Actividades culturais. Animación na rúa”
 - Importe: 80.000,00 €
- 3.- Recurso financeiro: baixas de crédito nas aplicacións que se indican (452.000,00 euros):
 - 231.1.226.12
 - Descrición: “Actividades 3ª idade. Programas específicos. Sectores de Poboación”.
 - Importe: 50.000,00 €
 - 241.0.131.00
 - Descrición: “Retribucións. Persoal laboral temporal. Escola obradoiro (alumnos)”.
 - Importe: 37.000,00 €
 - 241.0.221.15
 - Descrición: “Acondicionamento edificios municipais. Escola obradoiro”.
 - Importe: 40.000,00 €
 - 241.1.131.06
 - Descrición: “Retribucións. Persoal laboral temporal. Plan emprego municipal”.
 - Importe: 118.000,00 €
 - 323.0.227.06
 - Descrición: “Estudos e traballos técnicos. Gardería infantil”.
 - Importe: 125.000,00 €
 - 323.3.467.00
 - Descrición: “Transf. Correntes a consorcios. Gardería Galiña Azul”.
 - Importe: 15.000,00 €
 - 338.226.11
 - Descrición: “Gastos diversos. Festa do Salmón”.
 - Importe: 38.000,00 €
 - 410.226.11
 - Descrición: “Organización Feira da Becerra”.
 - Importe: 14.000,00 €
 - 410.489.03
 - Descrición: “Outras transferencias. Premios Feira da Becerra”.
 - Importe: 5.000,00 €





- 440.450.00
 - Descrición: “Transf. Correntes. Xunta de Galicia. Área metropolitana de Santiago”.
 - Importe: 10.000,00 €

Segundo.- Este expediente de modificación de crédito que se aproba inicialmente exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e nos artigos 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o devandito prazo non se presentaran reclamacións.

Finalmente, o Sr. Presidente levanta a sesión sendo as vinte e unha horas vinte e cinco minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións, do cal se fai cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 329W9X5T7SZRGT74KDNZ9CCF | Corrección: <https://aesirada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13